

PLAN DIXITAL

[Versión 1.0_ xuño 2022]

CPR PLURILINGÜE JESÚS MAESTRO



Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

As características do Centro en canto á súa localización, alumnado, equipo docente, espazos, etc., aparecen expostas no Proxecto Educativo do Centro (PEC). Non obstante, presentamos brevemente algunhas características relevantes que puideran incidir dalgunha maneira na convivencia escolar:

- ✓ Centro Privado Concertado dunha liña que integra as etapas de EI (3 unidades), EP (6 unidades) e ESO (4 unidades).
- ✓ Sito na Avda. Emilio Antón, 9 limitado co parque “Raíña Sofía”, Parador de Turismo, entre o céntrico barrio da Madalena e Ferrol Vello. O edificio principal denominado “Casa Antón”, de estilo modernista e realizado por Rodolfo Ucha, é dun gran valor arquitectónico.
- ✓ Equipo docente: Está formado por un claustro que exerce a súa función de acordo coa súa titulación e competencia, con moita implicación na vida e nos proxectos do Colexio.
- ✓ O alumnado procede fundamentalmente de familias de clase media e media alta, aínda que hai familias cun nivel económico e cultural medio-baixo. A maioría do alumnado teñen como lingua materna o castelán e é a lingua na que mellor se desenvolven. Unha singularidade é que o 18,72 % das familias son traballadores do mundo naval e militar, dos cales, arredor dun 10% das mesmas proceden de fóra de Galicia e presentan moita mobilidade laboral.
- ✓ Os pais e nais do alumnado están organizados na ANPA do colexio Jesús Maestro.
- ✓ Centro conta con tres módulos comunicados. O módulo maior, acolle a todos os alumnos e alumnas, dende 3 anos a 4º ESO. Noutro, aulas complementarias (biblioteca, informática, psicomotricidade e música) e Dirección. Nun terceiro módulo recibidores, comedor escolar, aula de Tecnoloxía, laboratorio, capela, a sala de profesores e profesoras, sala de Usos Múltiples, Orientación e Pastoral.
- ✓ A páxina web do centro é www.jesusmaestrodiscipulas.org é o correo corporativo cpr.jesus.maestro@edu.xunta.gal

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Actualmente, calquera institución necesita facer uso das tecnoloxías da información e a organización da estrutura, planificación, canles e xestión da comunicación. A escola, como institución social necesita ter presenza en Internet e mellorar os procesos e rendementos grazas

á optimización da comunicación con todos os membros da comunidade educativa e a xestión dixital propia das súas necesidades burocráticas e económicas.

A competencia dixital, unha das unha das sete competencias clave, inclúe utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación obtendo o seu máximo rendemento a partires da comprensión da natureza e o modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral.

Dende a proposta de formación integral, non podemos esquecer que tendo en conta as características da cultura do noso tempo, queremos educar para un futuro marcado por unha dinámica de cambio cada vez máis profundo.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, e tamén as distintas ferramentas tecnolóxicas.

Consecuentemente, os colexios Discípulas de Jesús, como institución formadora das futuras xeracións, deben dedicar tempo do seu currículo para ensinar a transformar a información en coñecemento e facer uso de diferentes dispositivos electrónicos para crear ambientes e ferramentas de aprendizaxe. E, ao mesmo tempo, potenciar a comunicación segura, responsable e confidente dos seus alumnos en redes sociais e outros contornos comunicativos que nacen sen cesar.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Tamén temos que ter en conta a seguinte lexislación:

- ✓ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- ✓ Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- ✓ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

- A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- ✓ Enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- ✓ A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

1.4. Proceso de elaboración

Como primeiro paso, o equipo directivo nomeou como coordinadora a Inés Caneiro Navarrete e como membros do plan dixital a Verónica Sanz Fernández e José Daniel Rodríguez Fariña.

A continuación, o profesorado do centro realizou a enquisa SELFIE e o test CDD seguindo as indicacións dadas. Posteriormente, elaborouse a análise DAFO e os plans de acción cos resultados obtidos. Todo esta información conforma o plan dixital do noso centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura

O centro dispón dun armario rack que alberga tres router, dous con liñas ADSL de datos e unha liña ADSL de voz. As dúas liñas de ADSL de datos conectasen a un balanceador de carga para sumar a súa velocidade. A liña de voz da servizo aos postos de trabalo mediante unha centraliña telefónica.

O centro está pendente de actualizar a fibra, co cableado na zona de servidores, pero a día de hoxe sen servizo.

A infraestrutura de rede local consta de 5 switch. O principal está instalado no armario rack da planta baixa, 3 unidades instalados no armario de cada planta, e outro switch para dar servizo a aula de informática.

Equipamento

Dispón de 14 puntos de acceso sen fíos de forma homoxénea que dan cobertura a todo o colexio. Todas as aulas dispoñen dun proxector de vídeo, pantalla dixital e un equipo, ben portátil ou de sobremesa. A aula de informática dispón de 25 equipos, 24 deles para o alumnado e outro para o profesor. Na secretaría hai un ordenador de sobremesa e un portátil. Na sala de profesores hai un ordenador de sobremesa. Na biblioteca dous portátiles e un ordenador de sobremesa. Dirección conta con un ordenador de sobremesa e un portátil. Xefatura con un ordenador de sobremesa e un portátil.

A xestión do mantemento informático está contratada a unha empresa externa, Artemisa Sistema Informáticos, S.L.

Servizos dixitais

No centro tamén están en funcionamento unha serie de servizos dixitais educativos como a páxina web do centro, a plataforma Educamos e as aulas virtuais en Google Classroom.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: incluímos a información **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3	3,4
	Profesorado	4,1	4
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2	2,6
	Profesorado	3,7	3,4
	Alumnado	4,1	2,3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7	3,8
	Profesorado	4,2	3,6
	Alumnado	3,8	2,9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,5	3,3
	Profesorado	4,1	4,4
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6	3,7
	Profesorado	4,2	3,9
	Alumnado		3,7
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4	3,5
	Profesorado	3,6	2,9
	Alumnado	3,4	3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9	3,4
	Profesorado	3,1	2,6
	Alumnado		2,6
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4	3,5
	Profesorado	3,9	3,6
	Alumnado	4,2	3

Táboa 1. Resumo do informe SELFIE

Test CDD: Incluímos a información obtida do informe CDD.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
LABORAL	16	19	84,2%
AUTÓNOMOS RELIXIOSOS	3	3	100%
SUBSTITUTO	4	4	100%

Táboa 2. Participación segundo perfil do profesorado

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,4	<u>Integrador (B1)</u>	76,4	<u>Integrador (B1)</u>

Táboa 3. Puntuación e nivel de competencia do centro.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	54	<i>Explorador/a (A2)</i>	68,2	<i>Integrador/a (B1)</i>
ESO	89,9	<i>Integrador/a (B1)</i>	79,2	<i>Integrador/a (B1)</i>
Pri	76,9	<i>Integrador/a (B1)</i>	77	<i>Integrador/a (B1)</i>
ENR	113	<i>Experto/a (B2)</i>	75,4	<i>Integrador/a (B1)</i>

Táboa 4. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,3%
A2	5	21,7%
B1	11	47,8%
B2	4	17,4%
C1	2	8,7%
C2	0	0,0%
TOTAL	23	99,9%

Táboa 5. Distribución do profesorado por niveis

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o noso centro xerou unha análise DAFO. A cal permite o coñecemento da nosa realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.C2 Dispositivos dixitais para a ensinanza	1.C3 Acceso a internet 2.C1 Infraestrutura 3. E3 Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe
	PERSOAL DOCENTE	1. D2 Participación no DPC 2.E4 Comunicación coa comunidade educativa	1. B2 Debate sobre o uso da tecnoloxía 2. D1 Necesidades de DPC 3. D3 Intercambio de experiencias
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. F4 Implicación do alumnado 2. H4 Verificar a calidade da información 3. C8 Dispositivos dixitais para a ensinanza 4. F1 Adaptación ás necesidades do alumnado 5.H3 Comportamento responsable	1. B2 Debate sobre o uso da tecnoloxía 2.F5 Colaboración do alumnado 3. G5 Autoreflexión sobre a aprendizaxe 4. H6 Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais 5. E3 Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe 6.G6 Comentarios a outros/as alumnos/as sobre o seu traballo
	FAMILIAS	1. E4 Comunicación coa comunidade educativa	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

Táboa 6. Análise DAFO (Debilidades e fortalezas)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		1. E3 Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe 2. B3. Colaboracións
	LEXISLACIÓN	1.A3 Novas modalidades de ensinanza 2.G3 Retroalimentación axeitada	1.A1. Estratexia Dixital
	CONTORNA	1.H8 Aprender a comunicarse	1.C3.Acceso a internet
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	1. C5 Asistencia técnica 2.C7 Protección de datos 3. E4 Comunicación coa comunidade educativa	

Táboa 7. Análise DAFO (Oportunidades e ameazas)

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os pasos a seguir para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO foron os seguintes:

- ✓ Establecemento das liñas prioritarias e determinación dos obxectivos que se queren conseguir a curto, medio e longo prazo.
- ✓ Concrétase ata onde se quere chegar con cada un dos obxectivos e con que elementos se contan para poder acadalos. Esta información atópase nos indicadores e nos valores de partida e de chegada que se especifican para un dos obxectivos.
- ✓ Determinación das accións que se levarán a cabo para conseguir cada un dos obxectivos, así como a elección de responsables das mesmas ao igual se establece unha temporalización realista e recursos necesarios.

Os obxectivos que se especifican a continuación están contextualizados en áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Obxectivo 1. Formar sobre o uso da tecnoloxía (profesorado).

Este obxectivo inclúese dentro da area “Desenvolvemento profesional continuo” e desenvolverase mediante a participación do profesorado en tres ou mais cursos relacionados coas competencias TIC e a realización dun proxecto dixital por etapas.

Obxectivo 2. Formar e fomentar o bo uso das TIC no alumnado.

Este obxectivo inclúese dentro da area “Pedagogía: implementación na aula”. Consiste na creación e elaboración de contidos colaborativos por parte do alumnado que se difundirán a través das diversas canles dixitais do centro.

Obxectivo 3. Elaboración dun banco de recursos educativos propios en OneDrive para consulta e utilización de todo o claustro.

Este obxectivo inclúese dentro da area “Pedagogía: apoio e recursos”. Realizarase unha formación específica en OneDrive. Posteriormente, deseñárase un banco de recursos na plataforma dixital do centro.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidade 1. Renovación dos 24 equipos individuais da aula de informática. Co fin de acadar o obxectivo 2 “Formar e fomentar o bo uso das TIC no alumnado” vese indispensable esta mellora.

Necesidade 2. Creación de puntos TIC nas aulas específicas de Educación Física, Taller, Laboratorio e Biblioteca.

Necesidade 3. Contratar persoal para a mellora e mantemento da páxina web e RRSS do centro.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:						
1. OBXECTIVO (1):	Formar sobre o uso da tecnoloxía (profesorado)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Avaliación inicial e final das formacións.					
Valor de partida (3)	B1					
Valor previsto e data (4)	B2 (Xuño 2023)					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Participar en programas externos referentes as TIC	Equipo directivo e claustro.	Curso 22/23	Internet, aula virtual e ferramentas dixitais.	Participación do claustro en 3 o máis cursos relacionados coas TIC.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Planificar a nivel de claustro reunións periódicas sobre TICS.	Equipo directivo.	Curso 22/23	Internet, aula virtual e ferramentas dixitais.	Participación nas xornadas de traballo do centro. (80% do claustro)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Diseñar estratexias de traballos dixitais en grupo	Equipo TIC	Curso 22/23	Internet, aula virtual e ferramentas dixitais.	Realización dun proxecto en grupo por etapa.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 8. Obxectivo 1 do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
1. OBXECTIVO (1):	Formar e fomentar o bo uso das TIC no alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade e calidade das creacións.					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	Participación do 20% do alumnado.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formar ao alumnado en diversas técnicas de avaliación (coavaliación, autoavaliación, avaliación figuroanalóxica...)	Profesorado	Xuño 2023	Internet, aula virtual e ferramentas dixitais.	Porcentaxe do alumnado participante.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación e elaboración de contenidos colaborativos.	Alumnado	Xuño 2023	Internet, aula virtual, cronograma e ferramentas dixitais.	Número de creacións.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Difusión das creacións do alumnado a través das diversas canles do centro.	Profesorado e alumnado.	Curso 23/24	Internet, aula virtual e ferramentas dixitais.	Enquisa para coñecer as dificultades.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 9. Obxectivo 2 do Plan de Acción

“Áreas de mellora”:							
1. OBXECTIVO (1):	Elaboración dun banco de recursos educativos propios en OneDrive para consulta e utilización de todo o claustro.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC, Equipo TIC e docentes de cada materia.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Numero de recursos educativos creados						
Valor de partida (3)	0						
Valor previsto e data (4)	13 (Xuño 2023)						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Formación en OneDrive.	Coordinador TIC	Decembro 2022	Conexión a internet, Educamos e ordenadores.	Enquisa ao profesorado participante na formación.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Deseño do banco de recursos.	Equipo TIC	Marzo 2023	Conexión a internet, Educamos e ordenadores.	Calidade e funcionalidade do banco de recursos.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Subir o material elaborado á plataforma OneDrive.	Docentes de cada materia.	Xuño 2023	Conexión a internet, Educamos e ordenadores.	Revisión do material compartido por parte do Equipo TIC de forma trimestral.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa 10. Obxectivo 3 do Plan de Acción

(1)

(2) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(3) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(4) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(5) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIONES A DESENVOLVER:

(6) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(7) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(8) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(9) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(10) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(11) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos nos seguintes contextos:

No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao trimestre, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión do plan dixital levarase a cabo a través da páxina web e a plataforma Educamos do centro, onde todos os membros da comunidade educativa poderán consultalo. Previamente será oído polo Claustro do Colexio Plurilingüe Jesús Maestro e aprobado polo Consello escolar.